

AS RESIDENCIAS REABREN PARA AS VISITAS... CON SENTIDIÑO



A partir da entrada de Galicia na fase II da desescalada, poden volver recibir visitas as residencias de maiores e persoas con discapacidade **que leven máis de 15 días sen ningún caso de COVID-19**. O primeiro é a saúde dos usuarios e profesionais, polo que se queres visitar a un familiar debes ter en conta as seguintes normas:

- Antes de nada, chamar á residencia para pedir **cita previa**. Algúns centros precisan máis tempo para adaptarse.
- Máximo **un visitante por residente**, unha vez por semana (nos centros máis pequenos poden ser dúas) e na hora e día acordados coa residencia.
- Na entrada, comprobarase que o visitante non presenta **síntomas**.
- Usar a **máscara** en todo momento e **lavar as mans** con frecuencia.
- Permítense os **paseos por zonas amplas ao aire libre** e espazos verdes do propio centro, con máscara e respectando o distanciamento.
- Só se poden facer visitas no cuarto do residente se este está **encamado**.
- Por suposto, **seguir sempre as indicacións e protocolos que marca a residencia** en función das súas características.

 XUNTA
DE GALICIA

A Xunta de Galicia agradece o esforzo dos profesionais da saúde e dos servizos sociais